

**CONVOCATORIA**  
**XIV EDICIÓN DO PROGRAMA VACACIÓNS CON TRABALLO**  
Programa de voluntariado internacional para o persoal técnico da  
administración local e autonómica galega  
Ano 2019

**1. QUE SON AS VACACIÓNS CON TRABALLO?**

Vacacións con Traballo é un programa de cooperación técnica e sensibilización dirixido fundamentalmente ao persoal técnico dos concellos e deputacións socias do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, partindo da base de que o *know how* das administración locais é unha das ferramentas máis potentes e específicas do municipalismo que coopera.

O programa Vacacións con Traballo leva funcionando ininterrompidamente desde o ano 2005. Ata hoxe, viaxaron a través do mesmo 44 persoas, que xenerosamente e na maioría dos casos ofreceron o seu mes de vacacións para cooperar, desprazáronse aos países onde o Fondo Galego ten presenza estratéxica, contribuíndo así á mellora da calidade de vida da poboación e xerando fluxos de coñecemento compartido, ideas e contactos.

Enténdese coma un programa de dobre dirección onde ambas partes aprenden, e onde a implicación das/dos candidatas/os é imprescindible.

**2. CALES SON OS OBXECTIVOS DO PROGRAMA VACACIÓNS CON TRABALLO?**

- Procurar un intercambio de coñecementos entre profesionais galegas/os e os parceiros do Fondo Galego nos países onde colaboramos.
- Promover un achegamento entre os axentes do poder local galego e as nosas entidades socias no Sur, que poida servir de apoio a presentes e futuros proxectos de cooperación.
- Favorecer un maior e mellor coñecemento da realidade dos países onde cooperamos: a súa situación, as súas dificultades, pero tamén as súas virtudes e potencialidades.
- Apoiar aos nosos parceiros, facilitando respostas técnicas ás súas necesidades.
- Activar fórmulas que permitan dinamizar a cooperación desde os municipios e que consoliden estruturas democráticas promotoras do desenvolvemento.
- Incrementar a implicación, por parte dos organismos públicos, en actividades que estimulen o compromiso solidario, a través da divulgación das experiencias das persoas participantes no programa.

**3. A QUEN VAI DIRIXIDO?**

Poderá participar calquera persoa que:

- Sexa persoal técnico en activo dos concellos ou deputacións socias do Fondo Galego e que preferiblemente cumpra cos requisitos demandados para a praza na que estea interesada en concorrer. Animamos a todas as persoas interesadas a enviar a súa candidatura, independentemente da súa adecuación ou non aos perfís requiridos.
- Sexa persoal técnico en activo dalgunha mancomunidade da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que haxa algún concello socio do Fondo Galego entre os seus integrantes.
- Sexa persoal técnico en activo da Xunta de Galicia nalgún dos concellos e deputacións socias do Fondo Galego, sempre que o perfil solicitado así o requira por non existir este, ou atoparse a niveles pouco significativos, nos cadros administración local.
- Teña interese en participar nun programa de voluntariado internacional, ofrecendo o seu tempo e as súas capacidades da man dos nosos parceiros.
- Teña competencias orais e escritas en lingua galega.
- Estea comprometida cos valores solidarios e de respecto e promoción dos Dereitos Humanos.
- Estea disposta a cumprir coas obrigas que se establecen vinculadas á súa praza.
- Tivera participado ou non nunha edición anterior de Vacacións con Traballo. Neste caso, terán prioridade aquelas persoas que nunca tiveran participado no programa.

Recordamos que o **Decreto 29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento, no Capítulo V refírese á licenza para a participación das persoas empregadas públicas en proxectos ou programas de cooperación para o desenvolvemento e de acción humanitaria, coa finalidade de fomentar entre este colectivo o valor da solidariedade mediante a súa integración en proxectos de desenvolvemento que os axentes de cooperación estean a levar a cabo en países empobrecidos. Desde a aprobación do Decreto, habería a posibilidade de obter licenza para participar en Vacacións con Traballo sen ter que investir o período de vacacións e sen prescindir da remuneración.**

#### **4. CAL É O PAÍS DE DESTINO E QUEN SON OS PARCEIROS?**

MOZAMBIQUE:

- **Fundação Encontro:** ONGD mozambicana que nace no 2011 para apoiar de forma integral ás comunidades de Boane e Naamacha, incluíndo aspectos relacionados cos medios de vida e desenvolvemento de servizos básicos nas áreas de saúde e educación.
- **ANAMM (Municipios de Boane e Manhiça):** A Asociación Nacional de Municipios Mozambicanos traballa na promoción, defensa, valorización e representación local dos 33 municipios mozambicanos. Entre estes atópanse os de Boane e Manhiça, na provincia de Maputo.

CABO VERDE:

- **Municipio de Santa Cruz:** Cuns 8.500 habitantes, o concello está situado no leste da illa de Santiago e ten un marcado carácter rural e agrícola, de aí que se vexa notablemente afectado pola seca dos últimos tres anos. A xestión da auga e do sector pesqueiro son outras das súas preocupacións actuais.

## 5. CALES SON AS PRAZAS OFERTADAS E AS SÚAS FUNCIÓNS ?

### MOZAMBIQUE - FUNDAÇÃO ENCONTRO

PERFIL PRIORITARIO (1)	
NOME DO PERFIL	Técnica/o medioambiental
FORMACIÓN/COMPETENCIAS REQUIRIDAS	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Grao de ciencias ambientais, Grao de enxeñería forestal e do medio natural, Ciclo Superior en xestión forestal e do medio natural ou Ciclo Medio en aproveitamento e conservación do medio natural.</li> <li>• Especialización en reciclaxe, compostaxe e educación ambiental.</li> <li>• Dominio do galego falado e escrito</li> </ul>
FORMACIÓN/COMPETENCIAS VALORABLES	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Formación en cooperación ao desenvolvemento.</li> <li>• Experiencias de voluntariado.</li> <li>• Dominio da lingua portuguesa, falada e escrita.</li> </ul>
FUNCIÓNS A DESENVOLVER	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Asesoramento en materia de reciclaxe do lixo e concienciación ambiental.</li> </ul>
OBXECTIVO QUE SE PRETENDE ACADAR CON ESTA COLABORACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Fortalecemento de capacidades na xestión dos residuos.</li> <li>• Educación medioambiental.</li> </ul>
PERFÍS SECUNDARIOS	
2	Educador/a infantil

### MOZAMBIQUE - ANAMM (Municipios de Boane e Manhiça)

PERFIL PRIORITARIO (1)	
NOME DO PERFIL	Técnica/o de finanzas municipais
FORMACIÓN/COMPETENCIAS REQUIRIDAS	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Grao de economía, Grao de administración e dirección e empresas ou Ciclo Superior en administración e finanzas.</li> <li>• Especialización en finanzas municipais.</li> <li>• Dominio do galego falado e escrito</li> </ul>
FORMACIÓN/COMPETENCIAS VALORABLES	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Formación en cooperación ao desenvolvemento.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Experiencias de voluntariado.</li> <li>• Dominio da lingua portuguesa, falada e escrita.</li> </ul>
FUNCIÓNS A DESENVOLVER	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Asesoramento contable.</li> <li>• Formación en xestión financeira.</li> </ul>
OBXECTIVO QUE SE PRETENDE ACADAR CON ESTA COLABORACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Mellora da xestión financeira do concello.</li> <li>• Mellora do sistema de cobro de impostos e taxas.</li> <li>• Desenvolvemento dun sistema integrado de finanzas municipais.</li> </ul>
<b>PERFÍS SECUNDARIOS</b>	
<b>2</b>	Técnica/o de Deportes

#### CABO VERDE - MUNICIPIO DE SANTA CRUZ

<b>PERFIL PRIORITARIO (1)</b>	
PRAZA	Técnica/o de desenvolvemento local
FORMACIÓN/COMPETENCIAS REQUIRIDAS	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Titulación académica relacionada coas ciencias sociais e/ou xurídicas.</li> <li>• Especialización en desenvolvemento local.</li> <li>• Dominio do galego falado e escrito</li> </ul>
FORMACIÓN/COMPETENCIAS VALORABLES	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Formación en cooperación ao desenvolvemento.</li> <li>• Experiencias de voluntariado.</li> <li>• Dominio da lingua portuguesa, falada e escrita.</li> </ul>
FUNCIÓNS A DESENVOLVER	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Asesoramento na implementación do Plan de Desenvolvemento Económico Local.</li> </ul>
OBXECTIVO QUE SE PRETENDE ACADAR CON ESTA COLABORACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Apoiar ao municipio na implementación do Plan Estratéxico Municipal de Desenvolvemento Económico Local.</li> </ul>
<b>PERFÍS SECUNDARIOS</b>	
<b>2</b>	Técnica/o agrónoma/o

#### 6. CALES SON AS CARACTERÍSTICAS DAS MISIÓNS?

O programa divídese en tres etapas: antes, durante e despois da viaxe.

##### Antes:

- As persoas seleccionadas participarán nunha **xornada de formación** básica sobre cooperación ao desenvolvemento e sobre a figura do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. Esta formación ten carácter obrigatorio.
- Asinarase o **contrato de voluntariado**, no que quedarán reflectidos os dereitos e obrigas de cada voluntaria/o.

- Comezará o **traballo voluntario previo á viaxe**, coa posta en contacto co noso parceiro local a través do correo electrónico e xuntanzas vía skype (na medida en que sexa posible) nas que tamén participará a secretaría técnica do Fondo Galego para asesorar na evolución do traballo.

**Durante:**

- A **viaxe** a terreo terá lugar entre os meses de xullo e setembro de 2019, segundo as datas acordadas entre o parceiro local e a/s persoa/s que viaxen. Terá **un mes de duración**.
- Seguirase a **programación** de traballo establecida, previamente definida polo parceiro local.
- Enviaranse **fotografías e breve información**, dúas veces por semana, para enriquecer as redes sociais do Fondo Galego coa experiencia de Vacacións con Traballo.
- Manterase **contacto semanal** coa secretaría técnica do Fondo Galego para informar sobre a súa estada e ofrecer información relevante, se a houbera.

**Despois:**

- Elaboración da **memoria** da actividade no mes posterior a súa chegada. Esta memoria será incorporada no Caderno de Vacacións con Traballo XIV edición. As e os participantes recibirán información suficiente para a súa redacción.
- Redacción dun **informe técnico** sobre o traballo realizado, en base ao formulario establecido polo Fondo Galego.
- Responder á **enquisa de avaliación**.
- Participar nunha **reunión coa secretaría técnica** do Fondo Galego para socializar a experiencia e poñer en común as aprendizaxes adquiridas, así como as achegas e impresións sobre a actividade.
- Responder aos medios de comunicación para divulgar a súa experiencia e o labor do Fondo Galego, así como permanecer predisposta/o a **participar en posibles actividades de sensibilización** que poidan ser requiridas pola entidade ou polas administracións socias para dar a coñecer as súas vivencias.

## **7. CALES SON AS OBRIGAS DE CADA UNHA DAS PARTES?**

As obrigas do Fondo Galego e dos parceiros locais quedarán reflectidas nun convenio de colaboración que se asinará entre as partes. As obrigas das persoas voluntarias que viaxen co programa quedarán reflectidas no contrato de voluntariado que terán que asinar antes de que inicien o seu traballo. Resumidamente, son as seguintes:

**FONDO GALEGO:**

- Cubrir os gastos da viaxe, seguro, visado e vacinas, traslados internos (en Galicia e no país de destino), manutención e calquera outro gasto ocasional relacionado coa estada voluntaria.

- Orientar ás persoas voluntarias no desempeño das súas funcións e sobre aspectos xerais.
- Velar pola seguridade e adaptación das persoas voluntarias, asegurando a súa tranquilidade, co ánimo de que poidan desenvolver correctamente o seu traballo.

#### PARCEIRO LOCAL:

- Cubrir os gastos de aloxamento na medida en que sexa posible.
- Velar pola seguridade das persoas voluntarias.
- Integrar ás e aos voluntarios no equipo de traballo correspondente, dando o asesoramento e o acompañamento necesario, brindando toda información e colaboración requirida para o bo desenvolvemento das súas funcións.
- Axudar ás persoas voluntarias naquelas dificultades que atopen, ben no desenvolvemento das súas funcións, ben na adaptación ao entorno.
- Prover do material preciso para o desenvolvemento do traballo voluntario, como material de oficina, disposición de ordenador, internet, etc.

#### VOLUNTARIA/O:

- Dedicar ás súas funcións o tempo requirido, cumprindo co programa estipulado e tarefas encomendadas.
- Actuar con dilixencia e respecto cara o parceiro e poboación local.
- Seguir as medidas de seguridade indicadas e as recomendacións do parceiro local e do Fondo Galego.
- Cumprir co envío de fotografías e breve información durante a súa estadía, coa elaboración da memoria final e informe técnico e participación nas xornadas de formación e de avaliación da actividade.

#### **8. RECOMENDACIÓNS PARA OS CONCELLOS/DEPUTACIÓNS SOCIAS DO FONDO GALEGO:**

- Difundir a convocatoria entre o seu persoal técnico, especialmente dos departamentos afectos aos perfís requiridos.
- Buscando unha maior implicación das administracións locais en actividades relativas á cooperación ao desenvolvemento, anímase a que as deputacións e concellos valoren a posibilidade de contemplar o traballo do seu persoal desenvolvido no marco do programa, todo ou en parte, como aportación á cooperación ao desenvolvemento. Isto traduciríase en que as persoas voluntarias non consumirían todas as súas vacacións, ao ser considerada a súa estadía como unha achega da súa administración local, pola que estarían recibindo a mesma remuneración que se desenvolveran as súas actividades en Galicia, e serían computadas como horas de traballo na mesma.

- Opcionalmente, poden asumir os gastos relativos a unha praza extra de Vacacións con Traballo para unha persoa que traballe na súa entidade. Neste caso deberán poñerse en contacto co Fondo Galego á maior brevidade posible.

## **9. COMO É O PROCESO DE SELECCIÓN?**

As candidaturas presentadas serán avaliadas pola Comisión Executiva do Fondo Galego, tras un proceso de selección baseado na adecuación do seu perfil profesional ao perfil demandado polo parceiro local, que é establecido en función das súas necesidades, así coma os anos de experiencia.

Ademais, valorarase positivamente a formación e vinculación co mundo da cooperación ao desenvolvemento, participar na Rede Municipalista Solidaria como técnica/o e ter participado noutras accións ou programas de voluntariado en países do Sur ou en Galicia.

Na resolución do programa Vacacións con Traballo XIV edición, que terá lugar antes do 31 de maio, nomearase a unha persoa titular e suplente por cada unha das prazas, por se a persoa seleccionada finalmente non puidese ou rexeitase participar.

As persoas seleccionadas serán informadas á maior brevidade posible, antes de facelo público a través da páxina web do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. O resto das persoas participantes tamén serán informadas da resolución a través do correo electrónico.

## **10. CANDO E COMO PRESENTAR AS SOLICITUDES?**

O prazo de presentación das solicitudes estará aberto do 16 de abril ao 26 de maio. As solicitudes deberán presentarse a través do correo electrónico no seguinte enderezo: [comunicacion@fondogalego.org](mailto:comunicacion@fondogalego.org).

A SOLICITUDE debe conter:

- Modelo de solicitude (pódese descargar na páxina web do Fondo Galego)
- Currículum Vitae
- Carta de motivación
- Carta de apoio/consentimento da/do representante política/o do Fondo Galego no seu Concello/Deputación. No caso de persoal técnico das mancomunidades, deberán presentar a carta de apoio/consentimento do órgano directivo da propia Mancomunidade así coma da/do representante política/o perante o Fondo Galego dun Concello socio do Fondo Galego. En canto ao persoal técnico da Xunta de Galicia, deberán presentar a carta de apoio/consentimento do órgano directivo competente, así coma da/do representante política/o perante o Fondo Galego do Concello no que desenvolven as súas funcións.
- Calquera outro documento que se considere de interese para a valoración da candidatura

As/os candidatas/os poderán ser chamadas/os a unha entrevista persoal.